

XI OLIMPÍADA FILOSÓFICA DE GALICIA

MODALIDADE DE DILEMA

Dilema moral: Consistirá na resolución dun dilema moral proposto, o alumnado ofrecerá unha solución razoada e argumentada.

Dilema 1

Ahmed e Marta aforraron todo o ano para unhas vacacións nun cruceiro polo Nilo. É unha viaxe coa que ten soñado moito tempo e preferiron aforrar para podelo facer nun cruceiro de luxo e en camarote de primeira clase.

Uns días antes de mercar os billetes, ven un documental sobre a situación de pobreza, falta de menciñas e altas taxas de mortalidade infantil nalgúns zonas das ribeiras do Nilo. Al final do documental, uns voluntarios dunha ONG animan a todos a axudar a estas persoas a ter unha vida mellor. Poñen algúns exemplos: por 5€ pódese protexer a unha familia da picadura dos mosquitos que transmiten a malaria. Por menos de 10€ pódese curar unha persoa contaxiada. Con 150€ pódese vacinar un neno dunha morea de enfermidades.

Ahmed e Marta imaxinan que algúns dos días de cruceiro verán desde a terraza do seu camarote o desde a piscina do barco a algunhas desas persoas; verán de preto a súa pobreza. Cando baixen do barco a visitar monumentos, verán nenos que, no canto de iren á escola, estean a mendigar unha moeda aos turistas. Co que van gastarse no cruceiro, uns mil euros cada un, poderían axudar a moitos deses nenos.

Teñen Marta e mais Ahmed a *obriga moral* de empregar os seus aforros en axudar a salvar a vida doutras persoas? Ou poden gastar o seu diñeiro neles mesmos *coa conciencia tranquila*?

Dilema 2

Ingresaches polos teus propios méritos, non por enchufe. Que o teu avó fora o ideólogo e fundador de *Skholè, a Sociedade do Tempo Libre*, non significa que ti foses aceptada no proxecto piloto por dereito de sangue. Foi un sorteo e o ter cumprido hai uns meses os dezaioito anos o que che permitiu entrar a formar parte do experimento social do que levas oíndo falar, na túa familia, desde que tes uso de razón.

As palabras do avó, xa finado, resoan na túa memoria: *“Primum vivere, deinde philosophare”* ou *“Traballemos menos para traballar todos”*. A súa idea era moi simple: os seres humanos necesitabamos o lecer para nos desenvolver e autorealizarnos vitalmente. As longas e extenuantes xornadas de traballo impedían ao ser humano atopar tempo abondo para se informar, para medrar intelectualmente, para afinar a súa sensibilidade artística mediante el goce da cultura ou para cultivar a amizade e as relacións sociais. Resoa aínda todo isto na túa memoria, malia estar morto: *“O traballo embrutece, o ocio elévanos”*.

Y agora resulta que es ti quen vai poder vivir nesa república do ocio que é a *Sociedade do Tempo Libre*, a súa máis audaz invención social. Cunha Renda Universal de Ocio e cunha xornada laboral de cinco horas semanais: Por que pensas comezar? Como queres estrear a túa maioría de idade? Entregaraste á lectura de *En busca do tempo perdido*? Fundarás un periódico, un fanzine cultural? Montarás unha ONG, un partido político, un grupo de investigación científica?

Tales ideas desvanécense á semana de instalarte en *Skholè*. Os mozos que habitan a comunidade non traballan, é certo, pero non por iso andan menos embrutecidos. Polas noites emborráchanse, celebran con multitudinarias festas o non ter que madrugar ao día seguinte. E polo día, dormen, vexetan vendo a televisión e matan o tempo sen facer ren. Cando interrogaches a algún deles respondéronche con sarcasmos e burlas: *“Por que ía facer todas esas cousas co meu tempo libre? Nin que estivésemos traballando! O lecer é para isto mesmo, para gozar del e non facer nada, non para nos converter en escravos de nós mesmos!”*.

Quen ten razón, o avó ou estes mozos hedonistas? E, sobre todo, que porás no informe que has redactar dentro dun mes, cando remate esta experiencia piloto? Defenderás o proxecto do teu avó: unha Renda Universal de Ocio orientada e supeditada a facilitar o crecemento individual e o progreso colectivo? Avogarás, talvez, por unha concesión incondicional de dita Renda, mesmo se o ocio subvencionado se emprega en non facer ren? Ou emendarás a plana ao teu avó, recoñecendo que *a ociosidade é a nai de todos os males*, que *o traballo dignifica ao ser humano* e que a *Sociedade do Tempo Libre* non es máis ca un soño utópico irrealizable, inconveniente e destinado de antemán ao fracaso?

XI OLIMPIADA FILOSÓFICA DE GALICIA MODALIDADE DE DILEMA

Dilema moral: Consistirá na resolución dun dilema moral proposto, o alumnado ofrecerá unha solución razoada e argumentada.

Dilema 3

Aday leva dez anos traballando nunha coñecida ONG que desenvolve o seu labor en América Latina. O seu ámbito de actuación é a selva amazónica. Combate a propagación de enfermidades propias do primeiro mundo entre as poboacións indíxenas. O seu soldo é moi pequeno comparado co que podería gañar como médico en España. Pero se sente moi satisfeita co seu traballo. Non o cambiaría por nada, polo menos de momento. Con todo, tamén ten moitas ganas de descansar. Poucas veces puido ter uns días de vacacións, uns días de lecer. Meréceo. E necesítao.

Facía moito tempo que non volvía á súa casa en Canarias. Agora ten por diante un mes. Un mes enteiro para ver os seus amigos e amigas, para estar cos seus pais e coa súa irmá pequena, para tomarse ao sol e descansar. Chegaron novos voluntarios e voluntarias á zona da Amazonía onde desenvolve o seu traballo. Son médicos e médicas, enfermeiros e enfermeiras con ilusión e ganas de axudar. Levan pouco tempo, pero aprenderon rápido. E desenvólvense moi ben.

Aday está no aeroporto, facendo cola na facturación de equipaxes. Recibe unha mensaxe no seu móbil. Na súa zona de traballo, un novo brote de varíola esténdese con rapidez por varias poboacións. Hai que iniciar unha campaña urxente de vacinación. Aday sobresáltase. Talvez necesiten a súa axuda? Pero non parece demasiado grave. E dispoñen de suficiente persoal médico e de enfermería. Ademais, necesita esas vacacións. Gañoullas! Ninguén o poñería en dúbida. E sabe que volverá con enerxías renovadas.

Mentres a cola de facturación avanza, Aday segue pensando. Debería coller a súa maleta e volver? Debería renunciar ás súas vacacións? Unha vez máis? Pasa algo por facer como que leu a mensaxe demasiado tarde? Ou é que non ten dereito a un descanso? O tempo pasa. En poucos segundos será xa a súa quenda. Que debería facer Aday? Debería volver ou non? Que farías no seu caso?

Dilema 4

Xonxa é unha rapaza moi espelida, desde pequena sempre se mostrou moi inquieta e interesada por cousas que só aos adultos interesaban, era áxil e hábil e pronto pillaba as cousas ao voo. Con 11 anos gañou un premio literario e con 12 foi seleccionada para as olimpíadas matemáticas, con 14 anos tiña superados dous pases de grao no conservatorio, piano e fruta.

Con 14 anos regaláronlle un móbil pois todos os seus compañeiros xa tiñan un e á súa nai non lle facía graza que a pobre quedase illada dixitalmente pois sabía que esa era a nova realidade adolescente.

Aos poucos Xonxa foi deixando sen darse conta os seus hobbies e dedicaba menos tempo a ensaiar polo que suspendeu por primeira vez na súa vida harmonía e piano complementario, en fruta un 5 malamente ... sentíase mal e culpable pero cada día ...tras a rifa insoportable da súa nai a súa conciencia díxalle que debería usar o seu tempo libre doutra maneira... 2 horas en Instagram, 50min. en tiktok, 1h e 15 min en Brawl Stars, 35 min en whatsapp, e 1h e 20 minutos con Clash Royale, Shein...

Ten razóns para sentirse culpable? Todas as maneiras de divertirse son igualmente válidas? Debería esforzarse por usar o seu tempo en desenvolver o seu talento? Ti que farías?

Dilema 5

Tes unha axenda apertadísima. Despois da escola fas varias extraescolares e tamén tes que estudar para manter as túas boas cualificacións. Con todo, tamén tes unha avoa xenial á cal adoras, e á que visitas todas as semanas. Concretamente, todos os mércores ao mediodía comes con ela e prepárate os mellores macarróns do mundo.

A túa avoa, que se sente soa a miúdo e goza moito a túa compañía, sempre insiste que pases máis tempo con ela. Pero a tarde dos mércores é a única tarde que tes libre sen extraescolares e gústache aproveitala para descansar, facer o que che gusta ou mesmo quedar cos amigos. Terías que sacrificar o teu escaso tempo libre para pasar tempo coa túa avoa e facela feliz, ou terías que priorizar os teus propios intereses e necesidades, como o descanso ou as actividades que che gustan?

XI OLIMPÍADA FILOSÓFICA DE GALICIA MODALIDADE DE DILEMA

Dilema moral: Consistirá na resolución dun dilema moral proposto, o alumnado ofrecerá unha solución razoada e argumentada.

Dilema 6

En un futuro non moi afastado, a humanidade asentouse nunha megalópole onde a tecnoloxía e a cultura de masas eran predominantes. Neste escenario, xurdiu unha tradición anual coñecida como "O Festival do Entretemento Sustentable".

Durante este festival as persoas tiñan dúas opcións: participar nunha celebración masiva de entretemento dixital, na que a realidade virtual ofrecía experiencias illadas de conexión coa natureza, ou unirse a un movemento de resistencia que promovía o contacto directo co medio ambiente e a preservación cultural.

Unha moza chamado Lucía enfrontouse a este dilema. A opción do entretemento dixital prometía unha experiencia cómoda e envolvente, pero á conta da sobreexplotación dos recursos naturais e a desvalorización das tradicións culturais. Por outra parte, unirse á resistencia implicaba abandonar as comodidades modernas e enfrontarse á incerteza, pero tamén supuña a posibilidade de preservar a beleza natural e as raíces culturais.

Influenciada polas ideas de Epicuro, Lucía reflexionou sobre o verdadeiro significado do pracer e a súa relación coa harmonía coa natureza e a conexión cultural. Decidiu elixir a resistencia, apostando por unha vida máis lenta e consciente.

O dilema alcanzou a súa cúspide cando Lucía, xunto con outros resistentes, se enfrontou ás forzas do entretemento masivo que buscaban expandirse e consumir máis recursos. A súa elección non só afectou a súa vida, senón tamén a perspectiva da sociedade sobre a relación entre ocio, cultura de masas e sustentabilidade ecolóxica.

Esta narración formula preguntas sobre como equilibrar o ocio contemporáneo co coidado do medio ambiente e a preservación cultural, convidando á reflexión sobre as eleccións que facemos como sociedade para garantir un futuro máis sostible.

Dilema 7

Fuches seleccionado para un emocionante programa de intercambio cultural ao estranxeiro. Tes a oportunidade de pasar un mes na India e aprender sobre a súa cultura. Con todo, antes de partir, descubres que o programa de intercambio inclúe un itinerario de viaxe que involucra certas actividades turísticas que consideras que poden ser prexudiciais para o medio ambiente e a comunidade local. Visitades as fortalezas e os palacios de Jaipur montados en elefantes, así como algúns mercados turísticos onde sabes que se venden produtos feitos con materiais de vida silvestre en perigo de extinción. Desde o teu punto de vista, estas actividades non son sostibles, favorecen os malos tratos animais, a caza furtiva e ameazan a fauna do país.

Por unha banda, podes optar para seguir o itinerario tal como está e aproveitar ao máximo a túa experiencia de intercambio, cousa que significa participar nestas actividades turísticas que teñen un impacto negativo na contorna natural e a cultura local. Doutra banda, podes decidir renunciar estas actividades do itinerario, ou mesmo buscar alternativas máis sostibles, pero isto podería significar que che perdas algunhas experiencias emocionantes e a oportunidade de conectar plenamente cos teus compañeiros de intercambio e a nova cultura.

Terías que seguir o itinerario do programa de intercambio tal como está, a pesar das preocupacións sobre o impacto ambiental e cultural, para aproveitar ao máximo a experiencia? Ou terías que tomar medidas para minimizar o impacto negativo no país, mesmo se isto significa perder algunhas experiencias emocionantes e potencialmente decepcionar aos teus compañeiros de intercambio?

XI OLIMPÍADA FILOSÓFICA DE GALICIA MODALIDADE DE DILEMA

Dilema moral: Consistirá na resolución dun dilema moral proposto, o alumnado ofrecerá unha solución razoada e argumentada.

Dilema 8

Nunha remota aldea galega había un vello mosteiro rodeado de lendas. Na véspera dunha celebración especial os veciños tiñan acceso a unha biblioteca oculta chea de sabedoría ancestral. Este ano, un estudante chamado Adrián aventurouse a explorar os corredores esquecidos.

Entre os libros antigos, Adrián atopou un manuscrito chamado A Escolma da Verdade. Contaba a historia dun xardín máxico onde os visitantes debían escoller entre dous camiños: o Camiño da Máscara, no que as persoas ocultaban a súa verdade tras unha máscara de diversión constante, e o Camiño da Reflexión, onde cada individuo mergullábase no autocoñecemento profundo.

Intrigado, Adrián decidiu adentrarse no xardín. Alí un gardián misterioso ofrécelle a mesma elección. Influidó pola idea do eterno retorno, reflexionou sobre a repetición de praceres efémeros no Camiño da Máscara e decidiu tomar o Camiño da Reflexión.

A súa elección levouno a unha paisaxe serena onde cada persoa cultivaba a súa propia sabedoría. Co paso do tempo, Adrián comezou a notar que a súa elección non estaba exenta de desafíos. A soidade e a falta de estímulos constantes fixéronlle cuestionar a súa decisión.

O dilema xurdiu cando, despois dun tempo, o gardián do xardín preguntoulle a Adrián se desexaba cambiar de camiño. A elección era difícil, pois volver ao Camiño da Máscara significaba mergullarse de novo na distracción constante, mentres permanecer no Camiño da Reflexión supoñía enfrontarse á súa propia busca interior.

As reflexións naquel lugar misterioso levaron a Adrián e aos observadores a cuestionar a verdadeira natureza da felicidade e do coñecemento, así como a importancia de equilibrar o desfrute do presente coa busca de significado a longo prazo. O ocio, nun sentido profundo, convertíase nun elemento central desta narrativa.

Dilema 9

Non escoitastes falar do Misterioso Xardín das Persoas Ocultas? Conta a lenda que, nun recuncho esquecido de Galicia, existe un fermoso xardín onde as persoas poden agacharse para gozar do seu tempo libre sen ser xulgadas. Pero hai unha condición: cada visitante debe facer unha elección moral difícil antes de entrar.

Un día, dous amigos, Marta e Pedro, decidiron aventurarse no xardín. De inmediato, foron recibidos por un ser misterioso que lles dixo que no centro do xardín agardáballes unha fonte máxica que lles outorgaría a eles e aos seus seres queridos todo o benestar imaxinable.

O dilema comezou cando lles dixeron que, para activar a fonte, debían elixir entre dous camiños: un que levaba a un escenario onde o ocio masivo dominaba, cunha pantalla enorme que emitía entretemento constante, e outro que conducía a un espazo sereno e silencioso, onde cada persoa tiña a oportunidade de crear o seu propio entretemento reflexivo.

Marta, influenciada polas ideas de Habermas sobre a razón comunicativa, inclinouse cara ao primeiro camiño, vendo no ocio masivo unha oportunidade para a participación pública. Pedro, inspirado polas ideas de Hannah Arendt, pensou no benestar auténtico e escolleu o segundo camiño, priorizando a calidade da súa experiencia sobre a masa de entretemento.

Ao final, ambos tomaron camiños diferentes, e a fonte máxica outorgou a cada unha das súas eleccións, pero coa condición de que reflexionaran sobre as súas decisións e compartiran as súas experiencias coa sociedade. Así, a historia do Misterioso Xardín das Persoas Ocultas convida ás mentes curiosas a considerar as súas propias eleccións morais e a explorar o significado do ocio na nosa vida